

## Sinopse das actividades para Samaín e Magosto

### Samaín

#### Ciencia no Samaín

ceo —  
aberto



#### Obradoiros:

- CREADORES DE MONSTROS. Utilizando modelos exclusivos, crearemos pequenas figuras recortables inspiradas en personaxes clásicos da literatura fantástica que personalizaremos e iluminaremos con leds.

Idades: Desde 6 anos

- COMIDA TERRORÍFICA. No obradoiro, a rapazada asistente preparará un chan comestible cheo de elementos terroríficos. A través do xogo, iremos descubrindo conceptos científicos como a estrutura do chan, os seus procesos de formación e a importancia dos seres vivos na evolución do solo.

Idades: Desde 3 anos

- TERROR ELECTRIZANTE. Os nenos e nenas participantes na actividade explorarán a electricidade e as súas características, construíndo figuras relacionadas coa xornada que se celebra.

Idades. Desde 3 anos

- AGASALLO DE SAMAÍN. No obradoiro, experimentaremos con diferentes polímeros para comprender a súa importancia e as súas implicacións medioambientais. Para finalizar, deseñaremos e fabricaremos un agasallo cun polímero termo moldeable que decoraremos con motivos ligados a celebración do Samaín.

Idades. Desde 3 anos

Duración: Cada obradoiro ten una duración de 15-20 minutos.

## O medo hai que entretelo



Na noite de Samaín os defuntos atravesan a porta que separa o mundo dos vivos do mundo dos mortos.

Veñen con fame de castañas e con moitas ganas de escoitar contos e lendas nosas.

Cerquiña do lume das historias, agarrando a man da compañeira, do compañeiro, pecharemos os ollos e entreteremos ao medo.

Espectáculo de narración oral baseado nos personaxes da nosa mitoloxía: trasnos, mouras, mulleres lobo, ánimas...

Dirección e interpretación: Raquel Queizás

Duración: 45 minutos

Público: nenas e nenos a partir de 3 anos / familias

## Magosto

### Ciencia no Magosto



### Obradoiros:

- **FIGURAS DO MAGOSTO.** Utilizando modelos exclusivos, crearemos pequenas figuras recortables inspiradas nos elementos tradicionais do magosto. Os elementos, unha vez construídos, incorporarán un sistema de iluminación led creado pola rapazada participante.

Idades: Desde 6 anos

- **EXPLORANDO OS BOSQUES.** No obradoiro, os asistentes prepararán un chan comestible que levarán para casa. Isto nos permitirá falar dos bosques e a importancia do solo e a súa evolución para os ecosistemas.

Idades. Desde 3 anos

- **MUNDOS ELÉCTRICOS.** Os nenos e nenas participantes na actividade explorarán a electricidade e as súas características, a través de xogos e experimentos sinxelos. Para acabar, construiremos figuras con luz relacionadas co magosto.

Idades. Desde 3 anos

- **RECORDO DO MAGOSTO.** Na actividade, exploraremos as propiedades dos polímeros mentres reflexionamos sobre as súas implicacións medio ambiente. Para finalizar o obradoiro, utilizando un plástico termo moldeable toda a rapazada participante creará un colgante de recordo.

Idades. Desde 3 anos

Duración. Cada actividade ten una duración de 15-20 minutos.

## Raposadas

Raquel Queizás  
**RAPOSADAS**  
contos para nenas e nenos



A raposa é moi lista, é moi curiosa. Gústalle vivir libre no monte mais tamén achegarse á aldea para ver xogar ás nenas e aos nenos e escoitar os contos que lles contan na lareira.

Espectáculo de contos de tradición oral con obxectos e monicreques.

Canta o galo, sae o sol. A raposa feliz achégase a aldea cantaruxando unha melodía. Vai visitar á galiña para que lle ensine adiviñas, vai escoitar os contos da señora Lela que vive preto da escola. Agarda polas nenas e nenos para xogar con carozos de millo, con paus e con pedras. Vaille botar unha carreira ao sapo e aprender con el traballos do campo.

Xa se pon o sol, a raposa ten que marchar para despedirse dela todos póñense a danzar.

Quen danzou por aquí?



Colleita de contos populares de animais de tradición oral da nosa terra, que alimentaron, alimentan e alimentarán a moitas nenas e a moitos nenos galegos.

Os contos de tradición oral seleccionados están protagonizados por animais personificados que se debaten entre o uso da forza bruta e o uso da intelixencia para a resolución de conflitos. Moitos destes contos, ademais de mostrarnos as características que definen a cada animal, buscan describir e explicar unha forma de vida fomentando o respecto pola natureza. Axudan a coñecer a contorna natural e familiar que nos fai pobo a través da nosa lingua, os nosos contos, as nosas adiviñas, os nosos xogos e as nosas cancións.

**Dirección e interpretación:** Raquel Queizás

**Duración:** 50 minutos

**Público:** nenas e nenos a partir de 3 anos / familias



[www.raquelqueizas.com](http://www.raquelqueizas.com)

